

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación
á lectura estratexias de animación á lectura estratexias
de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



TRECE ANOS DE BRANCA

Obxectivo xeral

A partir do argumento da obra preténdese que os alumnos reflexionen sobre o seu pasado, o seu presente e o seu futuro, para que sexan conscientes de que a súa etapa de nenos terminou e que a partir de agora entrarán de forma paulatina no mundo adulto, con todas as dificultades e inconvenientes que iso supón.

2

Orientacións

Relato dunha adolescente que padece unha longa enfermidade e que reflexiona sobre o presente e o pasado da súa vida, mentres os cambios físicos e psicolóxicos que a adolescencia comporta se van facendo máis patentes. Será unha lectura sosegada, na que o lector/a poderá verse reflectido.

ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **ANIVERSARIO**

Obxectivos

- Recordar experiencias pasadas, valorando o positivo e o negativo.
- Traballar en grupo: planificar acontecementos futuros de xeito realista.
- Respetar sentimentos e experiencias doutros.

Descrición

Dividirase a clase en grupos. En cada un deles, os alumnos recordarán o seu día dos anos pasado e apuntarán en dúas listas os aspectos positivos e negativos de cada un.

Deseguido, planificarán o aniversario perfecto para eles; deben ter moi en conta o presuposto que os seus pais lles asignarían para a celebración e non pasarse en ningún momento.

Farase unha posta en común tanto das listas que fixeron coma do que planearon.

3

Orientacións

Antes de realizar esta actividade, deberanse analizar os pensamentos e sentimentos da protagonista respecto á súa percepción do paso do tempo e do feito de facer anos.

ACTIVIDADE 2

(Durante a lectura): **IMAXES SIGNIFICATIVAS**

Obxectivos

- A partir da selección dunha fotografía (ou, na súa falta, un obxecto), tomar conciencia de momentos significativos do pasado de cada un.
- Desenvolver a expresión oral, sendo capaces de expresar en público experiencias persoais.

Descrición

Pediráselle a cada alumno/a que seleccione unha fotografía ou un obxecto que represente o seu pasado e outro para o presente. O futuro deberá representalo cun debuxo, cun obxecto, cunha colaxe etc.

Durante varios días consecutivos os alumnos amosaránlles aos seus compañeiros os obxectos ou as fotografías elixidos, e contarán o porqué da súa elección.

4

Orientacións

Prepararase a actividade durante unha semana e a posta en común levarase a cabo en días consecutivos durante media hora ata que rematen todos os alumnos.

ACTIVIDADE 3

(Despois da lectura): **É FÁCIL FALAR COS PAIS?**

Obxectivos

- Reflexionar cada un/unha e compartir cos demais as experiencias de comunicación con pais e amigos sobre temas persoais.
- Respetar, valorar e enriquecerse coas opinións e sentimentos doutros, aínda que non se estea de acordo con eles.

Descrición

O profesor/a entregarlles aos alumnos unha lista de temas. Por parellas, os rapaces deberán clasificalos segundo os traten máis facilmente cos seus pais ou cos seus amigos.

Poñeranse en común as diferentes listas e propiciarase un debate no que os alumnos deben reflexionar por que é máis fácil falar determinados temas cos amigos que cos pais e viceversa.

Algúns posibles temas poden ser: asignación semanal; sexo; amor-desamor; problemas familiares; cos amigos ou cos profesores; problemas nos estudos; expectativas de futuro; roupa; dietas; agasallos; música; desexos persoais etc.

5

Orientacións

O profesor/a deberá canalizar os temas de reflexión no sentido de que toda participación sexa debidamente argumentada desde a serenidade e o respecto pola familia e polos amigos.



ACTIVIDADE 4

(Despois da lectura): **INOCENTE OU CULPABLE?**

Obxectivos

- Aprender a argumentar con formulacións sólidas, dignas e serenas. A partir de aí, ser capaz de formular estratexias de actuación posterior.
- Desenvolver a capacidade de empatizar cos demais e de sensibilizarse ante as posibles inxustizas que estes poidan sufrir.

Descrición

Dividirase a clase en grupos. Cada un deles deberá analizar a situación de Lois ante a acusación que lle fan. Terán que planear unha estratexia para conseguir que Lois demostre a súa inocencia. As actuacións que planifiquen serán todas pacíficas e en ningún momento poderán atentarse contra a dignidade de ningunha persoa.

Cada grupo expoñerá do xeito que lle pareza máis conveniente a súa estratexia. Entre todos deben decidir unha estratexia común, elixindo para iso os elementos clave de defensa.

6

Orientacións

O tempo estimado para a realización desta actividade é dunhas tres horas aproximadamente.

ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): **ELABORACIÓN DUNHA ENQUISA**

Obxectivos

- Familiarizarse coa confección de estatísticas e coa realización de enquisas como método fiable para formar unha opinión a partir duns datos obxectivos.
- Darse conta de como cambian os intereses das persoas ao longo da vida.

Descrición

Partindo de hipóteses como as seguintes: «escribir un diario é unha actividade propia da adolescencia e mocidade», «escriben máis diarios as mozas que os mozos», os alumnos prepararán unha enquisa na que se confirmen ou neguen as hipóteses de partida.

En grupos de cinco ou seis alumnos prepararanse preguntas, que posteriormente se poñerán en común. En gran grupo deseñaranse os ítems finais e decidírase a cantos suxeitos e de que idades se deben entrevistar.

Despois de realizar as enquisas, poñeranse os resultados no encerado e, por grupos, tratarase a información de xeito estatístico para chegar ás conclusións pertinentes.

7

Orientacións

O profesor/a deberá ter en conta que a preparación e posterior tratamento levarán unhas seis horas de clase e que para a realización das enquisas se necesitará un prazo de catro días.